



XUNTA DE GALICIA



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE OUTEIRO DE REI PARA O FINANCIAMENTO DA REDE DE CAMIÑOS PRINCIPAIS E SECUNDARIOS DA REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE CARÁCTER PÚBLICO EN TERREOS DAS PARROQUIAS DE SOBRADA DE AGUIAR (SANTA M^a MADALENA), SAN FIZ DE PAZ (SAN PEDRO FIZ), ARCOS (SAN PEDRO) E SAN LOURENZO DE AGUIAR

REUNIDOS

Dunha parte, **José González Vázquez**, en nome e representación da **Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia**, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 99/2018 do 26 de setembro (DOG núm. 185 do 27 de setembro de 2018) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, **José Pardo Lombao** actuando en nome e representación do **Concello de Outeiro de Rei** na súa calidade de Alcalde-Presidente, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio e para o efecto

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- A Consellería do Medio Rural, na forma establecida no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia é o órgano da Administración galega ao cal baixo a superior dirección da persoa titular do departamento lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias entre outras en materia de desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais e prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

SEGUNDO.- Dentro das funcións da Consellería do Medio Rural atópase, segundo o citado Decreto 149/2018, do 5 de decembro, o exercicio das funcións no referente a todos os asuntos referentes á reforma das estruturas agrarias e á preparación,





XUNTA DE GALICIA



execución e vixilancia dos seus correspondentes plans e programas de reforma das estruturas.

TERCEIRO.- A Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia establece os mecanismos para a mellora da estrutura territorial das explotacións agrarias de Galicia, co fin de acadar algúns dos obxectivos xerais recollidos no seu artigo 2.

CUARTO.- Ao abeiro da Lei 4/2015, do 17 de xuño, a Consellería do Medio Rural poderá avaliar a idoneidade dunha zona para ser obxecto dun proceso de mellora da súa estrutura territorial agraria e poder acreditar, con carácter previo que cumpre con algún dos requisitos necesarios para acadar os obxectivos xerais.

QUINTO.- O concello de **Outeiro de Rei** considera necesaria a reestruturación parcelaria de carácter público en terreos das parroquias de Sobrada de Aguiar, San Fiz de Paz, Arcos e San Lourenzo de Aguiar.

SEXTO.- Co obxecto de acadar as maiorías necesarias previstas no artigo 6 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, o 6 de marzo de 2018 foron remitidas ao Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería do Medio Rural as sinaturas e os datos de persoas e titulares de explotacións interesadas no proceso de reestruturación parcelaria de carácter público das parroquias de Sobrada de Aguiar, San Fiz de Paz, Arcos e San Lourenzo de Aguiar.

SÉTIMO.- O 28 de xaneiro de 2016 o secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental xa resolvera a declaración de impacto ambiental favorable da zona de concentración parcelaria das parroquias de Sobrada, Paz, Arcos e Aguiar, de acordo co disposto no artigo 12 do Real decreto lexislativo 1/2008, do 1 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos.

OITAVO.- De acordo co que establece o artigo 7 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, expuxéronse os anuncios por parroquias como medio de consulta a tódalas persoas físicas e xurídicas interesadas na zona de reestruturación parcelaria.

NOVENO.- Conforme ao artigo 9 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, elaboráronse os estudos previos de de iniciación para as catro parroquias co contido e tramitación establecido no dito artigo.

DÉCIMO.- A finalidade principal da reestruturación parcelaria é reorganizar a propiedade rústica onde o parcelamento reviste caracteres de acusada gravidade. Tratando de adjudicar a cada propietario, en couto redondo ou no número mais reducido de predios de substitución, unha superficie equivalente en clase de terra e cultivo á das parcelas achegadas. Preténdese que coa nova reorganización da propiedade, se consigan melloras na rendibilidade económica das explotacións, coas conseguintes melloras territoriais tanto xurídicas como sociais.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Con carácter xeral pode asegurarse que haberá unha mellora con respecto da actual situación de distribución da propiedade, dada que a superficie dos predios de substitución aumentan de superficie con respecto as achegas, incrementando a súa produción e cunha sensible baixa nos custos.





Por outra banda, dado o abandono progresivo das producións agrícolas e gandeiras, debido en parte o envellecemento da poboación residente no rural, necesítase unha mellora estrutural para dar a posibilidade de incorporación o medio rural das novas xeracións.

DÉCIMO SEGUNDO.- De acordo co artigo 65.4 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, a Consellería do Medio Rural poderá establecer convenios de colaboración coas deputacións, concellos e organismos do Estado para o financiamento e a execución total ou parcial, por parte deles, das obras a que fai referencia o artigo 60.2 nas alíneas a), b), d) e e). Estas obras executaranse conforme os proxectos técnicos a que fai referencia o artigo 63, sendo coordinadas por un técnico do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria nomeado pola persoa titular da xefatura territorial correspondente.

Xa que logo, as partes, recoñecéndose capacidade para asinar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN e conveñen na súa formulación de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

É obxecto do presente convenio a colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Outeiro de Rei para o financiamento da rede de camiños principais e secundarios, para dotar de acceso aos novos predios de substitución no procedemento de reestruturación parcelaria de carácter público en terreos das parroquias de Sobrada de Aguiar, San Fiz de Paz, Arcos e San Lourenzo de Aguiar.

Segunda.- Obrigas da Consellería do Medio Rural

A Consellería do Medio Rural, unha vez que se decreta a reestruturación parcelaria de carácter público en terreos das parroquias de Sobrada de Aguiar, San Fiz de Paz, Arcos e San Lourenzo de Aguiar, asumirá as seguintes obrigas:

- A redacción e aprobación do plan de obras de acordo co artigo 60 da Lei 4/2015, do 17 de xuño.
- A redacción, aprobación, licitación ou encargo a medios propios da execución e dirección dos proxectos e das obras inherentes e complementarias da zona de reestruturación, segundo o estipulado no artigo 63 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, axustados ao correspondente plan de obras de acordo co disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- A aprobación das modificacións ou liquidacións das obras de acordo coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.





XUNTA DE GALICIA



- A remisión ao concello do certificado emitido polo Tesouro do aboamento das cantidades certificadas pola execución dos traballos financiados polo Concello ao abeiro deste Convenio.
- Financiar a execución das obras da rede de camiños principais e secundarios da zona de reestruturación parcelaria, co importe que exceda dos 200.000 € que financia o Concello de Outeiro de Rei.

Terceira.- Obrigas do Concello de Outeiro de Rei

O concello de Outeiro de Rei, en relación coas obras obxecto deste Convenio, asume as seguintes obrigas:

- Financiar a execución das obras da rede de camiños principais e secundarios da zona de reestruturación parcelaria con 200.000 €, certificando antes do inicio da licitación ou encargo das mesmas a existencia de crédito nos seus orzamentos; distribuído nas anualidades que corresponda.
- Librar mediante transferencia á conta da Xunta de Galicia núm. ES82 2080 0300 87 3110063172 as cantidades dos certificados de aboamento emitidos polo Tesouro da Xunta de Galicia dos traballos financiados ao abeiro deste Convenio.
- A execución da coordinación de seguridade e saúde das obras financiadas ao abeiro deste Convenio.

Cuarta.- Entrega das obras

Segundo o artigo 64 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, unha vez recepcionadas as obras pola Consellería, esta deberá poñelo en coñecemento do Concello, determinando esta comunicación o nacemento das obrigas de explotación, mantemento e conservación por parte do Concello, sen prexuízo da formalización da correspondente acta de entrega.

Quinta.- Comisión de Seguimento

Para velar polo cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha Comisión de Seguimento formada polo Director Xeral de Desenvolvemento Rural como representante da Consellería de Medio Rural e o alcalde ou alcaldesa como representante do Concello, ou persoas nas que deleguen.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e permanecerá vixente ata a entrega das obras ao concello de Outeiro de Rei nos termos da cláusula cuarta, sen que poida exceder do máximo de catro anos, prorrogables por outros catro anos máis ao abeiro do artigo 49.h) da Lei 40/2015, do réxime xurídico do Sector Público. Así





mesmo, seguirá producindo efectos en tanto non se liquiden as obrigas que puideran quedar pendentes.

Sétima.- Resolución

Serán causas de resolución do presente Convenio as seguintes:

- No suposto de que non se chegue a decretar a reestruturación parcelaria de carácter público das parroquias de Sobrada de Aguiar, San Fiz de Paz, Arcos e San Lourenzo de Aguiar.
- A denuncia de calquera das partes, debendo, se é o caso, ser indemnizados os compromisos económicos orixinados até o momento da denuncia, á parte contraria.
- O incumprimento das cláusulas do Convenio e/ou as imposibilidades do seu desenvolvemento.
- O mutuo acordo das partes.

Oitava.- Modificacións

As modificacións formalizaranse mediante "addenda" cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do Convenio.

Novena.- Natureza

Este Convenio ten natureza administrativa, e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración Local de Galicia, quedando excluído do ámbito de aplicación do Texto refundido da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar, segundo o artigo 4 da citada lei.

Rexerase polas súas propias cláusulas e suplementariamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

A Consellería do Medio Rural ostenta a prerrogativa de interpretalo, e resolver tódalas dúbidas que xurdan na súa execución, de acordo co réxime xurídico legalmente aplicable e suplementariamente serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.





Décima.- Transparencia

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décimo primeira.- Tratamento de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo segunda.- Normativa aplicable

- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

E, en proba de conformidade, asínase dixitalmente o presente convenio

POLA XUNTA DE GALICIA
O conselleiro,

José González Vázquez

POLO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI,
O alcalde,

José Pardo Lombao

